



AS CLONACIÓNS

RELATO FANTÁSTICO. A CLONACIÓN DE MESSI

Todo comezou cando a un científico, chamado Carlos, se lle ocorreu clonar a Messi, un xogador do Barça moi bo e moi famoso.

O científico pasa moito tempo, aproximadamente un ano, facendo un millón de exemplares de Messi. Ao principio todo ía moi ben, xa que á xente gustáballe moito Messi e entón víano todos os días pola rúa como se fose unha persoa normal; todo o mundo lle pedía autógrafos, corría detrás del...


O peor foi despois, porque a xente deuse conta de que antes se vivía mellor, xa que antes, ao haber un só, coñecía e sabíase que era el o verdadeiro; pero agora non se sabía quen era o verdadeiro, porque como todos eran iguais..., entón a xente comezou a protestar e querían unha solución ao problema. A solución que atoparon foi que o Messi verdadeiro dixera quen era e que se lle puxera unha braceira para saber que era el.

Así o fixeron, ao verdadeiro Messi puxéronlle unha braceira e entón ao Messi que viran sen braceira tratábano como a outra persoa máis; sen embargo, o Messi verdadeiro para eles era o seu ídolo e así todos quedaron satisfeitos.

SILVIA VÁZQUEZ SUFENTES, S1D

UNHA CLONACIÓN MOI ESPECIAL

Hai tempo, un científico francés estaba buscando a alguén para un dos seus experimentos, alguén que fose moi famoso e que todo o mundo coñecese; iso si, con moitos cartos. Despois



de darlle moitas voltas á cabeza deu cunha persoa: Bill Gates.

Púxose en contacto con el e díxolle que o quería clonar e que lle pagaba dez millóns de euros. Bill Gates aceptou.

O científico clonouno, pero a máquina tivo un fallo e fixo millóns de exemplares.

Cando a xente se decatou ao ler a noticia nos xornais, quedou abraiada e contenta. Pero co paso do tempo, á xente xa non lle gustaba tanto esa idea, porque quedaban sen traballo, xa que os Bill Gates facían que todo estivese gobernado polos ordenadores, os ordenadores facían todo.

E así foi como a humanidade perdeu o seu poder.

ALBA SEOANE SUÁREZ, S1D

O CLON DE IKER CASILLAS

Hai tempo, nunha vila de Madrid, un científico chalado, Alexandre, o científico, estaba vendo o partido Real Madrid-Deportivo da Coruña, cando pensou facer un equipo con xente non coñecida como Iker Casillas, o porteiro do Real Madrid. Foi de viaxe por todo o mundo a descubrir novos xogadores para clonalos.

Nun ano, encontrou varios xogadores bos, pero faltaba un porteiro. Había uns cantos, pero eran malísimos. Decidiron chamar a Iker Casillas para que xogase no seu equipo. Como había varios equipos que non tiñan porteiros decidiron clonalo. Alexandre foi ao Santiago Bernabeu a falar con Iker Casillas para que fose á súa casa para clonalo.

Iker Casillas quedou sorprendido polo que este señor